

EL SALTO

Benito Zambrano, 2024

1272

ESTREA EN NUMAX: 12.04.2024 | V.O.S.E. | +12 | 90 min

Ibrahim chegou a España desde Guinea Conakry e agora tanto a súa vida como a súa familia están en Madrid. Un día a policía deteno e depórtao ao seu país de orixe por carecer de permiso de residencia. A partir dese intre, o seu único obxectivo será regresar a España. Tras percorrer África intálase nun campo de refuxiados situado entre África e Europa. Alí coñece a Aminata, unha moza decidida a saltar o valo e entrar en España. Porén, trátase dunha fazaña física que non todo o mundo é quen de lograr.

«Un filme sinxelo e honesto, cinema social e político que ofrece un espello do que somos como sociedade»

Júlia Olmo, CINEUROPA



Entrevista con Benito Zambrano: «'El salto' é a película máis necesaria de todas as que fixen»

Por Tamara García

“Só tento facer algo que mereza a pena ser visto, ser oído... e ser esquecido”, reza no seu perfil dunha rede social. Palabras estrañas para un cineasta. É que eu quero pensar no presente, en ser útil agora e non nese concepto de vangloria do artista. Creo que na importancia de traballar día a día, sen vivir do conto, sen vivir do pasado, e, por suposto, non estar con esa cousa de ter que deixar algo para a posteridade.

El salto, a súa última película, non é desas cousas que merezan ser esquecidas...

El salto é a película máis necesaria de todas as que fixen e máis no momento no que vivimos onde se está volviendo a utilizar o tema da migración como un elemento político de confrontación social e con intención electoral. E é que, a estas alturas do partido, sabemos o necesaria que é a migración para Europa. Estamos a falar de que Europa, e cito datos oficiais, necesita un mínimo de 60 millóns de persoas estranxeiras de aquí ao 2050.

Custou erguer este proxecto? Esa pregunta debería responder a auténtica heroína que debe levar todos os méritos de que este proxecto exista, a guionista Flora González Villanueva. Escribiu este guión sen que ninguén llo encargase. Ela, xunto ao produtor, Jesús Ulled, son os que se atreveron. A min chegoume bastante armado, pero é certo que desde hai anos eu estaba detrás de facer unha película deste tema, pero non atopaba a historia, ata que apareceu este guión de Flora. Iso si, un proxecto así non sae sen o financiamento público, que son os que están obrigados a facilitar facer un cinema diferente. Pero recoñezo que cando o vin, non o podía crer, que hai diñeiro para contar esta historia que trata sobre o salto do valo e sobre o drama da inmigración e que ademais os protagonistas van ser negros e parte da fita desenvólvese en francés!

A rodaxe tería as súas complicacións, entendo. Varias, de feito. Unha é que parte tivemos que rodala en francés porque a maioría dos migrantes africanos que chegan son anglófonos ou francófonos, porque os seus países eran antigas colonias de Inglaterra e Francia. Ademais, non hai moitos actores profesionais negros en España, pola sinxela razón que non se fan películas que pidan actores negros para interpretar calquera papel, como ocorre no cinema americano. Así, tivemos que tirar de actores semiprofesionais. E despois, preparalos para saltar o valo. Neste sentido, collemos á figuración que había e preparamos a algúns, e menos mal que estamos a falar de rapaces cunha forza física increíble e aprender a subir un valo ou perdurar dun arnés non lles custou traballo. A outra parte complicada foi a das localizacións...

Inviabile rodar no valo, non? Nin tampouco no monte Gurugú. Pero tivemos sorte de que en Pelayos de la Presa atopamos uns bosques de piñeirais moi parecidos aos que hai en Nador, e aí construímos todo o que foi o Monte Gurugú e botamos un par de semanas de rodaxe intensas e difíciles. E para o valo, que ademais tiña un protagonismo importantísimo na película, encargamos á mesma empresa que fixo o de Melilla 30 metros de altura. Buscamos unha urbanización de Madrid rodeada de estrada e rodamos 5 noites intensísimas. Foi extenuante, durísimo, pero non se podía facer doutra maneira.